

A DELEGACIÓN DA XUNTA EN LUGO ACOLLE ATA O 14 DE XANEIRO A MOSTRA DAS 25 OBRAS PRESENTADAS AO XXIX CERTAME GALEGO DE ARTE 'JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN'

Lugo, 3 de xaneiro de 2019.- A sala de exposicións da Delegación territorial da Xunta en Lugo acolle ata o vindeiro 14 de xaneiro a mostra das 25 obras pictóricas presentadas á XXIX edición do *Certame Galego de Arte José Domínguez Guizán*, unha das iniciativas culturais convocadas ao abeiro do Belén Electrónico de Begonte, declarado de interese turístico galego. O certame está organizado polo Centro Cultural *José Domínguez Guizán*.

Na inauguración participou o xefe territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Ramón Carballo; xunto con Xesús Domínguez Guizán e Xulio Xiz, presidente e vicepresidente respectivamente do Centro Cultural *José Domínguez Guizán*, e o alcalde de Begonte, José Ulla. A partir do 15 de xaneiro, a mostra pasará á casa da cultura de Begonte.

SAÚDOS.-
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL

